

**NOTA DE PRENSA 013/23  
20 DE ABRIL DE 2023**

**O CLIO TROPHY GALICIA MOSTROU AS SÚAS CORES PARA A TEMPADA  
2023**

A praza da Igrexa, en pleno corazón de Lalín, acolleu a presentación oficial do **Clio Trophy Galicia**, a competición monomarca autonómica que terá lugar cos ben coñecidos e competitivos Renault Clio Rally5.

O formato da marca do rombo, que sae adiante gracias ao apoio de **Grupo Recalvi, a Red Renault de Galicia, a Federación Galega de Automobilismo e Michelin**, retorna ao campionato autonómico cun vehículo de gran potencial e prestacións, todo nun trofeo en igualdade de condicións.

A primeira proba deste Clio Trophy Spain terá lugar esta fin de semana no Rallye do Cocido, cita puntuable para o CERA Recalvi, namentres que as outras catro citas serán no Campionato Galego, unha en cada provincia.

O Clio Trophy Spain entregará máis de 5.000 euros en premios por proba, ademáis doutros 5.000 euros como premio final para apoiar ao equipo vencedor a competir nos formatos nacionais da firma.

O presidente da Federación Galega de Automobilismo, **Antonio Rodríguez Troitiño**, afirmou que “esta é unha aposta moi forte da FGA por lanzar a un equipo galego fora das nosas fronteiras. Cremos que ir da man de Renault é unha aposta segura porque ten vehículos en todas as categorías da pirámide formativa e o preciso para chegar ao máis alto a nivel competitivo. Queremos mostrar o noso agradecemento á Red Renault de Galicia, Recalvi e a Renault Group polo seu apoio. Dende a Federación continuaremos a traballar para impulsar que saian novos equipos galegos aos campionatos nacionais e internacionais. Agardamos que esta sexa a primeira marca das moitas que se unan aos nosos Campionatos”.

**Markel de Zabaleta**, representante de Renault Group, destacou “estamos en Galicia para lanzar ao seguinte piloto galego nacional e por que non, a nivel internacional. Queremos fomentar o deporte automobilístico en Galicia e desta forma pensamos que non se entende a Renault sen Galicia e a Galicia sen Renault. Para nós é un pracer

estar no Campionato Galego e agardamos que o ano que ven teñamos incluso máis de oito equipos presentes”.

**David Romero** da Red Renault de Galicia tamén quixo estar presente no acto de presentación do Clio Trophy Galicia. “Levabamos moitos anos sen un formato así en Galicia e cando o propuxeron pareceunos unha idea fantástica. Comezar en Lalín é bonito pola historia da proba e agardamos que pouco a pouco teñamos cada vez máis inscritos e sexa unha competición bonita e emocionante”.

**Chema Rodríguez**, do Grupo Recalvi foi o encargado de pechar o acto. “Estamos encantados de que por fin teñamos un trofeo Renault en Galicia. Temos a un galego defendendo as cores de Recalvi, Alpine e Renault en España que é Jorge Cagiao, que saíu dun formato de promoción da firma e desexamos que algún piloto chegue a facer o que fixo el”.

Nesta primeira carreira do Clio Trophy Galicia están **inscritos oito equipos**. Diego Félix / Raquel Rodríguez, José Joaquín Rasilla / Borja Rasilla, os turcos Kerem Kazaz (o piloto máis xoven do Rallye do Cocido, con 17 años)/Ali Emre Yilmar e Gabriel Rodríguez / Álvaro Cerqueiras, procedentes cada un do Clio Trophy Spain Asfalto. Ademáis, tamén tomarán a saída neste debut competitivo en Lalín, Álvaro Méndez / David Enríquez e Esteban Sobrino / Diogo Rodríguez, Francisco Valdés / José Murado e Carlos González / Diego Rodríguez.